

EDICTO

No cumprimento do que dispón o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, faise público o acordo acadado polo Pleno do Concello, na súa extraordinaria que tivo lugar o día 23 de xuño de 2015.

“Primeiro.- Serán desenvolvidos en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións anuais que se fixan a continuación, os seguintes cargos:

Cargo	Réxime dedicación	Retribucións anuais
Alcalde	Exclusiva	54.000,00 €
Teniente de Alcalde responsable de área	Exclusiva	40.000,00 €
Teniente de Alcalde responsable de área	Exclusiva	40.000,00 €
Teniente de Alcalde	Exclusiva	30.000,00 €
Teniente de Alcalde	Exclusiva	30.000,00 €
Teniente de Alcalde	Exclusiva	30.000,00 €
Teniente de Alcalde	Exclusiva	30.000,00 €
Concelleir@ delegad@	Exclusiva	25.000,00 €
Concelleir@ delegad@	Exclusiva	25.000,00 €
Concelleir@ delegad@	Parcial	20.000,00 €
Concelleir@ delegad@	Parcial	18.000,00 €
Concelleir@ delegad@	Parcial	18.000,00 €

Aos postos con dedicación parcial esixiráselles unha dedicación do 80% da xornada legalmente establecida para o primeiro deles e do 75% para os dous restantes.

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Segundo.- Con base no disposto no artigo 57 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, acordase a retroactividade do réxime de dedicacións exclusivas e parciais e en consecuencia a percepción económica correspondente, para o caso da Alcaldía a toma de posesión como Alcalde e para os demais casos a aceptación do cargo.

Terceiro.- Os membros da Corporación que non desenvolvan cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán, pola concorrencia efectiva dos/das concelleiros/as ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte as seguintes contías:

Órgano	Contía
Por asistencia a cada sesión plenaria	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza das comisións informativas permanentes ou especiais	150,00 €
Por asistencia a cada sesión da xunta de goberno local	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza da mesa de contratación	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza do consello de administración da emisora municipal	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza da xunta de voceiros	150,00 €

Cuarto.- A presente proposta non implica a modificación das bases de execución do orzamento de 2015, tal e como establece o art. 24.3 das salientadas bases de execución.

Quinto.- O presente acordo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”

Oleiros, 30 de xuño de 2015.

O alcalde,

Angel Garcia Seoane

